

ACELERADORA DE PROXECTOS DE ECONOMÍA SOCIAL
XORNADA DE AVALIACION DOS PROXECTOS CANDIDATOS
PONTEVEDRA, 20 DE NOVEMBRO 2018

1. Contextualización

Organízase esta actividade dentro da Fase 2 da acción “Aceleradora de Proxectos de Economía Social”, promovida pola Unión de Cooperativas de ESPAZOCOOP a través da convocatoria publicada o pasado 11 de Outubro de 2018, dentro do proxecto LACES no marco do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, e unha vez realizada a primeira fase da mesma, na que se presentou a candidatura de doce iniciativas de economía social, das que foron seleccionadas once para participar neste evento, do que a seguir, informamos do seu programa.

2. Obxectivos

- Coñecer de forma presencial e máis polo miúdo os proxectos de economía social candidatos a ser beneficiarios da Aceleradora de Espazocoop.
- Valorar o grao de innovación, aceleración e de necesidade de financiamento dos proxectos participantes, sen prexuízo doutros como a potencialidade dos mesmos para implementar na súa actividade os principios e valores da economía social e o potencial das persoas que pretenden viabilizalos desde o punto de vista das súas habilidades e capacidades específicas vinculadas con proxectos de economía social.
- Facilitar ao xurado a selección definitiva dos proxectos de economía social participantes nesta xornada, que cumpran os criterios para ser beneficiarios dos servizos da Aceleradora de Espazocoop.

3. Contidos

- Breve presentación da Acción “Aceleradora de Proxectos de Economía Social “ de Espazocoop.
- Presentación dos proxectos candidatos a ser beneficiarios dos servizos da Aceleradora de Espazocoop.
- Quenda de preguntas e resolución de dúbidas por parte do xurado.

4. Metodoloxía

- Cada proxecto / entidade participante terá un máximo de seis minutos para a difusión e argumentación para ser elixida como beneficiaria do programa da Aceleradora de Espazocoop. E poderá face-lo através de medios audiovisuais e outros que faciliten a presentación do Proxecto.

- O xurado estará formado por tres persoas :

- Berta Lema Añón / Asociación Galega de Sociedades Laborais AESGAL
- Ramón Carmelo Rodríguez Padín / Unión Cooperativas ESPAZOCOOP
- Constantino Gago Conde / Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP

que valorarán e farán a selección definitiva dos sete proxectos beneficiarios da Aceleradora de ESPAZOCOOP.

5. Beneficiarias

Están convocados a esta xornada os seguintes proxectos / entidades de economía social, seleccionadas para este evento, de acordo coas Bases da convocatoria desta acción, publicadas por ESPAZOCOOP :

- TEIXUGO, S.COOP.GALEGA
- ABELURIA S.COOP.GALEGA
- CAL3, S.COOP.GALEGA
- SOLUCIONES SIAUTO, S.COOP.GALEGA
- FABSPACE, S.COOP.GALEGA
- XEDEGA S.COOP.GALEGA / ALGALIA S.COOP.GALEGA
- NOSA ENERXIA, S.COOP.GALEGA
- ARTENDA, S.COOP.GALEGA
- METROPOLIS, S.COOP.GALEGA XUVENIL
- A FACTORIA, S.COOP.GALEGA EN CONSTITUCION
- CAIXA VIRTUAL DE CRÉDITO

6. Lugar e duración

A Xornada desenvolverase en **Pontevedra**, na sede do Vicerreitorado do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, situada na **Casa das Campás** na rúa Don Filiberto, 9-11, no casco vello da cidade.

O espazo do edificio será a **sala de conferencias**, situada no segundo andar do mesmo.

Desenvolverase en horario de **10,-30 a 12,30 horas**.

7. Máis información e confirmación de asistencia: A través de ESPAZOCOOP, contactando con Ramón Carmelo no teléfono 986 866 149 e/ou correo-e ramon@espazo.coop